

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 01 DE MARZO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **UN DE MARZO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 23-02-12.-**
- 2^o.- DAR CONTA DECRETOS ASOCIACIÓNS DE 28-02-12:**
 - CLUBE DEPORTIVO TOXARCO.**
 - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AMIGOS DA CASA ESCOLA DE PAREDES.**

- 1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 23-02-12.-**

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes acorda:

Efectuadas as comprobacións que corresponden pola secretaria xeral, resulta aprobada a acta da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2012, coa seguinte corrección:

O acordo do inicio do expediente de contratación para a prestación do Servizo de Axuda a Domicilio (modalidade dependencia) é aprobado cos votos a favor da Alcaldesa, e dos concelleiros Manuel Cuiña Fernández, Antonio Couso Álvarez, Klaus Brey Montaña e a abstención do concelleiro Matías Rodríguez da Torre.



2º.- DAR CONTA DECRETOS ASOCIACIÓN DE 28-02-12:

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta dos seguintes Decretos:

2.1.- "DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Dº José Cándido García Golmar, con DNI nº 33.226.945-H, Rexistro de Entrada nº 855 de data 24 de febreiro de 2012, en representación do CLUBE DEPORTIVO TOXARCO, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais

Esta Alcaldía-Presidenta, RESOLVE:

- 1º.- Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.*
- 2º.- Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda do CLUBE DEPORTIVO TOXARCO.*

Silleda, a 28 de febreiro de 2012

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA

(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 148 setembro)

Asdo. Paula Fernández Pena

Asdo. Cristina Alonso Losada"

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- "DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Dº José Pereiras Rey, con DNI nº 76.794.241-R, Rexistro de Entrada nº 878 de data 27 de febreiro de 2012, en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "AMIGOS DA CASA ESCOLADA DE PAREDES", para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.





Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

- 1º.- Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.*
- 2º.- Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "AMIGOS DA CASA ESCOLADA DE PAREDES.*

Silleda, a 28 de febreiro de 2012

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA

(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 148 setembro)

Asdo. Paula Fernández Pena

Asdo. Cristina Alonso Losada"

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

- 1.- Licencia actividade definitiva (RAMINP). Apertura de local para dedicalo a óptica, na Avda. Do Parque, nº 35 baixo (Silleda). TITANIUM SILLEDA, C.B.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Licencia Nº 2454/08. Visto o expediente instruído a instancia de TITANIUM SILLEDA C.B., solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na Avda. do Parque, nº 35 baixo (Silleda).



Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 31 de outubro de 2008
acorda:

“4.4.4.- Licencia N° 2454/08. Visto o expediente instruído a instancia de TITANIUM SILLEDA C.B., solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na Avda. do Parque, n° 35 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 09 de outubro de 2008, (Rexistro de Entrada n° 5491 de data 23.10.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Traballará con portas e ventás pechadas. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Os residuos xerados pola actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. Se xera residuos perigosos notificarase como pequeno produtor de residuos perigosos perante o servizo de calidade e avaliación ambiental, previo o outorgamento da licenza.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezarse a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou



instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 01 de marzo de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Leticia García Caramés, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Apertura de local para dedicalo a óptica, na Avda. do Parque, nº 35 baixo, (Silleda)."

Calificación: Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 5491 de data 23-outubro-2008) a actividade califícase como MOLESTA, S.C.D.

Certificación: Según ESCRITO SOLICITANDO: "Que por parte de ese Concello se proceda a levantar Acta de Comprobación y sea expedida la LICENCIA DE ACTIVIDAD DEFINITIVA", e no que consta literalmente: "...non se hicieron obras de ningún tipo al estar el mismo adaptado." suscrito por, Dona Araceli Fernández Pena, Arquitecto Técnico, de data 11-novembro-2008, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 12-novembro-2008.

Núm. de registro: 5873

Titular da actividade: TITANIUM SILLEDA, C.B. na súa representación Dona Leticia García Caramés.

No termo municipal de SILLEDA, na Avda. do Parque, nº 35, baixo, (Silleda), persónanse ás 11:00 horas do día 01-Marzo-2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose na Avda. do Parque, nº 35, baixo (Silleda), en presenza de Dona Leticia García Caramés, con D.N.I. 76.821.442-Q, e efectúa a visita de comprobación demandada pola interesada en data 12-novembro-2008 referida á licencia municipal nº 2454/08 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 31-outubro-2008.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO VISITA DE INSPECCIÓN.



A continuación examinase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo a óptica, na Avda. do Parque, nº 35, baixo (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a TITANIUM SILLEDA C.B., para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na Avda. do Parque, nº 35 baixo (Silleda).

2.- Licencia actividade definitiva (RAMINP). Fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino sito nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda) GRANJAS MUIÑOS, S.L.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Licencia Nº 2998/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Celso Muiños González en representación de GRANJAS MUIÑOS, S.L., solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de agosto de 2007 acorda:

"4.1.2.- Licencia Nº 2998/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Celso Muiños González en representación de GRANJAS MUIÑOS, S.L., en virtude de instancia nº 2.998 de data 18 de xullo de 2006, solicitando Licencia de actividade correspondente a construción dunha fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto da Enxeñeira Técnica Agrícola Dª Susana Cabaleiro Calveiro, visado polo Colexio Oficial en data 17 de xullo de 2006, nº 1090/06, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: *Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos.*



xuridico da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, éste Organismo, con data 10 de maio de 2.007 (Rexistro de Entrada nº 2234, de data 24 de maio de 2.007) outorgou a autorización previa á concesión de licenza municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Organismo, con data 30 de maio de 2.007, (Rexistro de Entrada nº 2704, de data 15 de xuño de 2.007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, insalubre e nociva, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que a situación sexa a sinalada no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Previa a licenza de actividade deberá aportar un certificado de estanquidade e impermeabilidade da fosa. A fosa será cuberta e terá cerre perimetral como indica o proxecto. Os residuos que se xeneren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.*

A utilización do esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativa 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á posición do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a



conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 29 de febreiro de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, na súa representación Dº Celso Muiños González, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: "Fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda)"

Calificación: Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello nº 2704 de data 15-Xuño-2007) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA c.d. 012 43.

Certificación: Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA da técnica redactora do PROXECTO e directora da obra, Dona Susana Cabaleiro Calveiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 04-setembro-2007, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 05 de setembro de 2007, nº 1437/07 (Po), e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 11-setembro-2007.

Núm. de rexistro: 4091

Titular da actividade: GRANJAS MUIÑOS, S.L., na súa representación Don celso Muiños González.

No termo municipal de SILLEDA, na finca chamada Xuncal, nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda), persónanse ás 18:30 horas do día 28 de Febreiro do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda), en presenza de Don Celso Muiños González, con D.N.I. 35.227.910-Y, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado, de data 11-Setembro-2007 e referida á licenza municipal nº 2998/06 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 03-Agosto-2007.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento acústase



proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS, con documentación do estado final das obras e certificado de impermeabilidade e estanqueidade, asinado pola técnica Dona Susana Cabaleiro Calveiro e visado.

A continuación examinase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino sito nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a GRANJAS MUIÑOS, S.L., para fosa de xurro, anexa a outra existente, en explotación de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar de Penadagra, parroquia de Siador (Silleda).

3.- Devolución de fianza solicitada por Manuel Framiñan Rodríguez en representación de Promotora Lalín 2000, S.L.

Dase conta da solicitude presentada por Manuel Framiñan Rodríguez en representación de Promotora Lalín 2000, S.L., Rexistro de Entrada nº 170, de data 12 de xaneiro de 2012 solicitando a devolución do aval: aval bancario de Caixanova nº 0041.3000106138, por importe de 119.555,22 €, presentado como garantía para responder das obrigas derivadas da execución das obras de "Tramo de la calle del casco urbano entre República Argentina y Morón".

Visto o informe técnico de devolución de fianza emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 29 de febreiro de 2012, no que se sinala:

"INFORME TÉCNICO DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DAS OBRAS:

<i>Solicitante</i>	Manuel Framiñan Rodríguez, e/r Promotora Lalín 2000			
<i>Data de rexistro</i>	40919	<i>Nº</i>	170	<i>Data escrito</i> 40918
<i>Emprazamento</i>	Rua perpendicular á Praza República Argentina. Silleda			



ASUNTO: *Solicitud de devolución de Aval bancario polas obras de "Tramo de la calle del casco urbano entre República Argentina y Morón"*

ANTECEDENTES

1 O día 12 de xaneiro de 2012, Manuel Framiñán Rodríguez presenta solicitude de devolución de aval polas obras de "Tramo de la calle del casco urbano entre República Argentina y Morón", no que literalmente, EXPÓN:

"Tengo depositado aval previo a la construcción de un tramo de vial, correspondiente al inicio del vial de nueva apertura que arranca en la Plaza del Emigrante y desemboca en la Plaza Morón.

SOLICITO:

Se realicen las comprobaciones oportunas a la devolución del mencionado aval"

2 O aval bancario depositado ten data de 7 de marzo de 2008 e manifesta que se somete ao establecido no art. 43 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Vixente ata o 30 de abril de 2008), "para responder por las obligaciones derivadas de la ejecución de las obras de "Tramo de la calle del casco urbano entre República Argentina y Morón". O nomeado artigo 43 transcribese a continuación:

Artículo 43. Extensión de las garantías.

1. La garantía provisional responderá del mantenimiento de las proposiciones presentadas por los licitadores hasta la adjudicación y de la proposición del adjudicatario hasta la formalización del contrato.

2. Las garantías definitivas responderán de los siguientes conceptos:

- a. De las penalidades impuestas al contratista en razón de la ejecución del contrato, en especial las comprendidas en el artículo 95, cuando no puedan deducirse de las certificaciones.*
- b. De las obligaciones derivadas del contrato, de los gastos originados a la Administración por demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o en el supuesto de incumplimiento del mismo sin resolución.*
- c. De la incautación que pueda decretarse en los casos de*





resolución del contrato, de acuerdo con lo establecido en el mismo o con carácter general en esta Ley.

- d. *Además, en el contrato de suministro la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes suministrados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato.*

3 A xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 23 de setembro de 2004, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Alvaro Otero Failde, en representación de PROMOTORA LALIN 2000, S.L., con enderezo no lugar de Pareizo, parroquia de Goias (Lalín).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO COMPOSTO DE SOTO, PLANTA BAIXA, CATRO PLANTAS PARA 20 VIVENDAS E BAIXO CUBERTA.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa República Arxentina s/n (Silleda), esquina con rúa de próxima apertura prevista no PXOM de Silleda.

(...)

4 O 21 de xaneiro de 2005, r.e. 440, Álvaro Otero Failde, en representación da Promotora Lalín 2000, presenta escrito asinado o 21 de xaneiro de 2005, no que, literalmente, EXPÓN:

"Pretendiendo realizar la construcción de un edificio de sótano, bajo, cuatro plantas y bajo cubierta para 16 viviendas, en la calle Morón esquina República Argentina en este Concello, y habiendo recibido resolución de este Concello en la que se nos pedía como condicionante para la obtención de la citada Licencia, el presentar un proyecto de apertura de nuevo vial.

Se hace entrega adjunta a este escrito de:

- Proyecto de apertura de nuevo vial visado por el COAG.*
- Estadística de edificación e vivenda.*

Es por lo que:

informo de que comenzarán las obras para las que hemos solicitado Licencia"

5 A xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 11 de marzo de 2012, acordou:



de xullo de 2005, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Alvaro Otero Failde, en representación de PROMOTORA LALIN 2000, S.L., con enderezo no lugar de Pareizo, parroquia de Goias (Lalín).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: URBANIZACIÓN DUN TRAMO DUN VIAL DE NOVA APERTURA. Visado polo Colexio Oficial correspondente en data 17 de xaneiro de 2005

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa prevista no PXOM de Silleda, que parte da rúa República Arxentina e desemboca na praza existente na rúa Morón (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Dª Carmen Tato Fernández (non consta dirección de obras).

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 119.555,22 €

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 15 de febreiro de 2005, no que consta:

"1.- A presentación das oportunas garantías da execución en forma de aval bancario polo importe das obras descritas no proxecto (119.555,22 €).

2.- A presentación do oficio de dirección das obras, asinado por técnico competente e visado."

(...)

6 A xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2006, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Alvaro Otero Failde, en representación de PROMOTORA LALÍN 2000, S.L., con domicilio no lugar de Pareizo, nº 9 - Goias (Lalín)

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Construcción de edificio composto dúas plantas soto para garaxe, planta baixa, entresolo, catro plantas altas para 33 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros. Proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente en data setembro de 2006.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Solar con fronte a rúa de próxima apertura prevista no PXOM que parte da rúa República Arxentina (Silleda).



d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:**
Arquitecto Dº Oscar L. Rodríguez Ramos.

e) **CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:** 1.460.765,00 €

f) **CONDICIONANTES:** *Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 1 de setembro de 2006, no que se sinala:*

"1º.- Condiciónase o outorgamento da licencia de obras á presentación, por parte do promotor, dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais (neste caso os existentes no entorno).

2º.- Prazo de inicio e finalización das obras: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interrompirse por un prazo superior a seis meses."

(...)

7 *A xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, en sesión celebrada o día 21 de maio de 2008, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:*

"1.- Aprobar definitivamente, o proxecto de urbanización presentado por PROMOTORA LALÍN 2000, S.L. para a realización das obras comprendidas no proxecto de urbanización dun tramo dun vial de nova apertura, rua prevista no PXOM de Silleda. Que parte da rua República Arxentina e desemboca na praza existente na rua Morón (Silleda). Proxecto de urbanización redactado pola arquitecta Dona Carmen Tato Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 17 de xaneiro de 2005.

2.- Conceder salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Alvaro Otero Failde, en representación de PROMOTORA LALIN 2000, S.L., con enderezo no lugar de Pareizo, parroquia de Goias (Lalín).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: URBANIZACIÓN DUN TRAMO DUN VIAL DE NOVA APERTURA. Visado polo Colexio Oficial correspondente en data 17 de xaneiro de 2005

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rua prevista no PXOM de Silleda, que parte da rua República Arxentina e



desemboca na praza existente na rúa Morón (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:

Arquitecto D^a Carmen Tato Fernández (non consta dirección de obras).

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 119.555,22 €

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico.

(...)

8 Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, certificado final de obra da urbanización executadas.

9 Consultados ámbolos dous expedientes, o longo do frente de vial do edificio de esquina que obtivo licenza o 23 de setembro de 2004, citada no punto 3 dos antecedentes, téñ un longo de fachada de aproximadamente 23,74 metros, medidos sobre o eixo do vial.

10 Canto ao proxecto que obtivo licenza o 24 de outubro de 2006 (punto 6 dos antecedentes), adosado ao anterior, o frente de vial que lle corresponde é de 30,18 metros.

11 Efectuada visita de inspección ao lugar das obras, compróbase que se encontra executado parte do vial; no tramo comprendido fronte ás edificacións que obtiveron licenza municipal de obra, de aproximadamente 55 metros de longo, coa beirarrúa executada nun dos laterais, no frente do edificio, incluso encintado da mesma.

12 Consultando as licenzas concedidas e relacionadas nos antecedentes deste informe técnico, encóntrase a seguinte discrepancia:

12.1 O importe do aval depositado é polo total do orzamento do proxecto, do vial en toda a súa extensión, que obtivo licenza en X.G.L. de 21 de maio de 2008 (punto 7)

12.2 A resolución de concesión de licenzas outorgada en xgl o 21 de maio de 2008, notificada ao propotor, pola que se outorga refírese á "Urbanización dun tramo dun vial de nova apertura". Sen especificarse a lonxitude nin o largo do mesmo. Dando como válida a lonxitude equivalente á do frente de parcela, que si coincide tendo en conta o indicado nos puntos 8, 9 e 10 deste informe.

Vista a documentación que consta nesta Oficina Técnica e o expresado na solicitude r.e. 170 de 12/01/2012, emito o seguinte:

INFORME TÉCNICO





13 As obras executadas corresponden có fronte das edificacións executadas polo mesmo promotor. Nas notificacións de concesión de licencia para a execución do vial non foi especificado o ancho do mesmo. Podería entenderse que a parte proporcional deste ancho sería ata o eixo do vial, extremo que se encontra mesmo superado na execución, que comprende o ancho da calzada indicado no planeamento e nos planos do proxecto de urbanización.

14 En canto ao resto dos servizos urbanísticos, non se observaron danos na análise visual realizada, salvo vicios ocultos.

Polo tanto non se aprecia inconveniente para a devolución do aval obxecto deste informe técnico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes** acorda que por parte de Tesorería se proceda a la devolución deste aval.

4.- Informe sobre o bombeo de augas residuais en Silleda (Toiriz, Silleda).

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do informe emitido polo Oficial fontanero e inspector de augas do Concello de Silleda, Ismael Blanco Couto, de data 01 de marzo de 2012, no que se sinala:

"BOMBEO AUGAS RESIDUAIS DE SILLEDA (TOIRIZ, SILLEDA).

Presentado na reseña do lugar pode comprobar, ao levantar as tapas das arquetas e do propio bombeo, que non existe rexilla de desvaste, quedando de esta só as guías. Ao faltar a rexilla pasan directamente ao pozo de bombeo produtos tales como: papel, plásticos, compresas, graxas e todo o grueso que chega polo tubo do alcantarillado.

Cando chove de xeito notable mézclanse as augas residuais coas augas pluviais, aumentando o cadudal de tal xeito que as bombas non dan bombeado toda a auga. Como consecuencia disto, sale polo aliviadeiro, arrastrando todo o material grueso. Este aliviadeiro está confeccionado con tubo de hormigón de 300 e desemboca nun Regueiro. Nestes momentos o tubo atópase roto na parte de arriba dunha finca con pendente, salindo todo o lixo que leva polo buraco do tubo, cruzando a finca e chegando ao regueiro.

Nas fotos que se aportan pódese apreciar tamén a suciedade que existe ao redor e por encima do pozo de bombeo, produto de algunha limpeza efectuada pola



empresa Espina & Delfin. O citado pozo atópase preto do camiño do Castro de Toiriz, por onde pasan visitantes e turistas, dando esta situación unha mala imaxe, amén da contaminación que esto xenera."


De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:** dar traslado deste informe á empresa Espina & Delfin S.L. para subsanar, no prazo de 15 días tódalas deficiencias indicadas no informe transcrito do Fontanero Municipal, así como a limpeza e danos ocasionados. Asimemso darase traslado ós servizos xurídicos do Concello para que emitan informe sobre todo o que consideren oportuno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcadesa levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 01 de marzo de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

